



Rede de avaliación de variedades de millo para forraxe: resultados dos ensaios en Navarra en 2019

Neste artigo móstranse os resultados obtidos nos ensaios levados a cabo en Navarra en 2019, así como a comparación cos obtidos en anos anteriores.

Oihán Uharte Unzué, Sandra Aldaz del Burgo, Jesús M.ª Mangado Urdániz
INTIA, Navarra

O cultivo de millo para aproveitamento como forraxe en alimentación animal e conservada mediante ensilado resulta de grande interese debido á súa elevada produción e o seu alto valor enerxético. O millo pertence a un grupo de plantas que desenvolveron unha estratexia para optimizar a asimilación de CO₂ en ambientes áridos e cálidos (plantas C4), polo que é capaz de sintetizar hidratos de carbono de forma máis eficaz que outras forraxes no período estival, sen

prexuízo dun maior consumo de auga. Para producir millo orientado á forraxe, cultívase a totalidade da planta en verde (parte vexetativa e mazaroca), cultivándoa nun estado inmaduro do seu desenvolvemento. Desta forma, prodúcese unha forraxe heteroxénea pero equilibrada, na que se complementa a concentración enerxética da mazaroca coa fibra da parte vexetativa da planta.

O ensilado de millo é a base da ración forraxeira da maioría das explotacións de vacún de leite. O seu cultivo ten uns

custos de produción elevados (laboreo, semente, fertilización, fitosanitarios...), polo que é importante tanto maximizar a produción e a calidade da forraxe producida coma optimizar o proceso de conservación mediante ensilado. Actuando desta forma lográbase dispor dunha forraxe de calidade a un custo razoable, garantindo un racionamento correcto e un custo de produción contido.

As empresas produtoras de sementes de millo traballan continuamente na súa mellora xenética e grazas a ela obtéñense híbridos de alto rendemento en gran. Frecuentemente, os híbridos que destacan polo seu elevado desenvolvemento vexetativo e pola prolongación do seu verdor (*stay green*) oriéntanse cara ao seu aproveitamento como forraxe. No entanto, é posible que estas variedades obteñan resultados dispares debido, entre outras causas, á súa falta de adaptación á características da área na que se cultivan. Por iso, resulta de interese a avaliación de diferentes variedades agrupadas segundo criterios de adaptación a cada situación de cultivo.

Neste artigo preséntanse os resultados dos ensaios de variedades de millo para forraxe realizados en 2019, agrupadas segundo a súa adaptación ás características climáticas de cada área de cultivo.

INTRODUCIÓN

Ante a falta de información acerca das características de diferentes variedades de millo para a utilización da planta enteira como forraxe na alimentación de ruminantes, no ano 2002 varios centros de investigación agraria do norte de España, desde Galicia ata Cataluña, constituíron unha “Rede de avaliación de variedades de millo para forraxe”. Entre



eses centros tecnolóxicos agrarios atópase INTIA, que participa activamente, ano tras ano, achegando as súas fincas experimentais e o seu persoal técnico especializado.

Dentro da Rede levan a cabo ensaios anuais de variedades de millo adaptadas ás condicións ecolóxicas de cada comunidade autónoma replicados con igual deseño en todas aquelas que tivesen similares condicións, cun protocolo de ensaio común e cos mesmos criterios de avaliación. Desta forma, co paso do tempo, vaise acumulando unha información válida e fiable que lles permite aconsellar aos agricultores e gandeiros de cada rexión sobre as variedades de mellor rendemento e adaptación ás condicións concretas da súa explotación. Tamén serve para coñecer e trasladar as súas características e adaptación a condicións ambientais similares, con independencia da localización dos ensaios.

ENSAIOS DA CAMPAÑA 2019 EN NAVARRA

Os ensaios de variedades de millo para forraxe en Navarra distribúense atendendo á súa precocidade,


agrupándoos segundo a integral térmica necesaria para a maduración do gran (ciclos FAO). Navarra caracterízase por unha gran diversidade bioxeográfica, con situacións que permiten cultivar calquera dos ciclos vexetativos de millo. Por iso, as variedades que se estudan agrúpanse en tres grupos de ciclos. Na figura 1 móstrase a localización dos ensaios realizados no ano 2019 e a unidade bioxeográfica onde se localizan, así como os grupos ou ciclos ensaiados en cada zona. ►►

Figura 1. Localización dos ensaios de millo forraxe en Navarra

Ciclos FAO	Localidade	Manexo
200-300	Oskotz	Secaño fresco
400-500	Doneztebe	Secaño fresco
600-700	Cadreita	Regadío aspersión

Bioxeografía navarra

- 1 Sector cántabro vascónico; distrito vascónico oriental
- 2 Sector cántabro vascónico; distrito navarro-alavés
- 3 Sector pirenaico central
- 4 Sector prepirenaico
- 5 Sector rioxano
- 6 Sector somontano
- 7 Sector bardenero-montegrino



Koipesol

Expertos en semillas



SANDRO
Rentabilidad de doble aptitud

FAO
400



SENKO
Elevada producción
y silo de gran calidad

FAO
400



INFINITE
El todoterreno más sano del mercado

FAO
300L



PREMEO
Un 300 diseñado para superar
a cualquier 400 del mercado

Artesian

FAO
300

www.koipesolsemillas.es

Táboa 1. Resultados dos ensaios de millo forraxe ciclos 200-300. Oskotz 2019

Variedade	Obtentor	Ano ensaio	Produción (kg ms/ha)	Materia seca ¹ (%)	Proteína bruta ¹ (ms, %)	Amidón ¹ (% sms)	Fibra neutro deterxente ¹ (%)	Stay green ²	Achega mazaroca ¹ (%)
CODIBLUES	Battle	1.º	19.001 a	35,4 cde	9,1 d	24,4 a	55,7 c	1,6 a	59,7 cde
DKC 4974	Dekalb	1.º	17.088 a	28,2 ab	8,6 bcd	30,3 ab	43,5 ab	3,7 cd	55,7 bcd
DKC 5144	Dekalb	2.º	17.274 a	27,3 a	8,9 cd	27,1 ab	43,7 ab	3,8 cd	49,5 b
HORNET	Euralis	2.º	17.791 a	29,7 abc	7,4 abcd	29,9 ab	40,5 ab	3,6 cd	55,1 bcd
WATSON	Euralis	2.º	17.854 a	36,1 de	7,3 abcd	25,1 a	46,6 b	2,3 abc	55,1 bcd
AVENTICUM	Fitó	1.º	17.996 a	36,1 de	9,1 d	26,4 ab	44,2 ab	2,6 abc	64,2 e
BENARES	Fitó	1.º	19.231 a	38,2 e	8,5 bcd	24,2 a	53,1 c	1,4 a	54,2 bcd
LIVORNO	Fitó	3.º	17.369 a	31,6 abcd	8,1 abcd	29,5 ab	41,7 ab	3,1 bcd	59,4 cde
KIDEMOS	KWS	1.º	19.429 a	38,6 e	7,5 abcd	38,3 c	41,7 ab	2,3 abc	60,7 de
LG 30.369	Limagrain	Testemuña	15.626 a	30,3 abcd	7,6 abcd	27,6 ab	43,6 ab	4,0 d	52,6 bc
LG 31.295	Limagrain	3.º	19.626 a	34,0 bcde	7,5 abcd	28,4 ab	42,2 ab	3,1 bcd	55,4 bcd
P9400	Pioneer	3.º	19.776 a	33,6 bcde	6,5 a	33,3 bc	39,9 ab	3,3 bcd	59,1 cde
P9911	Pioneer	3.º	20.272 a	30,2 abcd	7,0 abc	28,7 ab	39,4 a	3,7 cd	50,3 b
LOMAS	Soil expert	2.º	16.912 a	33,7 bcde	6,8 ab	27,6 ab	41,9 ab	3,6 cd	59,9 cde
MONSERA	Soil expert	2.º	20.979 a	35,2 cde	6,4 a	28,4 ab	43,3 ab	2,1 ab	56,5 bcde
Media			18.415	33,2	7,8	28,6	44,1	2,9	55,6

¹Analítica: Laboratorio Agrario de Navarra (NASERTIC)

²Stay green: 5 = mellor // 1 = peor

Valores seguidos por distinta letra difiren significativamente (p<0,05) Duncan

RESULTADOS OBTIDOS EN 2019

Grupo de ciclos FAO 200-300

O ensaio sitúase na localidade de Oskotz, na área atlántica de Navarra con augas vertentes ao mediterráneo. O cultivo manéxase en secaño, polo que o seu desenvolvemento depende tanto da precipitación total ao longo do período vexetativo coma da súa distribución. A precipitación acumulada foi de 150,9 l/m². Estas precipitacións foron lixeiramente inferiores respecto das habituais, sobre todo no momento de xerminación e implantación, influíndo lixeiramente na implantación dalgunhas variedades. As precipitacións durante o resto do ciclo garantiron o desenvolvemento vexetativo, polinización e enchido de gran. Na tabla 1 recóllense as variedades testadas en 2019 e algúns dos resultados obtidos no ensaio.

- A produción final é media-elevada (18.415 kg ms/ha). Aínda que non se atoparon diferenzas significativas na produción, as variedades máis produtivas foron MONSERA, P9911, P9400 e LG 31.295. Pola contra, as variedades de menor rendemento foron LG 30.369, LOMAS e DKC 4974.
- O contido medio en proteína bruta é alto (7,8 %). As variedades AVENTICUM e CODIBLUES alcanzan os maiores valores, significativamente superiores aos das variedades MONSERA, P9400, LOMAS e P9911.
- O contido medio en amidón é medio (28,6 %). As variedades KIDEMOS e P9400 alcanzan o maior contido en amidón, con valores significativamente superiores a BENARES, CODIBLUES e WATSON.
- O contido en paredes celulares é medio (44,1 %). As variedades de menor contido son P9911, P9400, HORNET, LIVORNO e KIDEMOS, significativamente inferiores aos alcanzados polas variedades BENARES E CODIBLUES.
- O stay green ou “estado de verdor” medio en colleita é medio (2,9). O mellor valor alcánzalo as variedades LG 30.369, DKC 5144, P9911 e DKC 4974, con valores significativamente superiores ás variedades BENARES e CODIBLUES.
- A achega media da mazaroca á produción total en materia seca é alta (55,6 %). As variedades AVENTICUM, KIDEMOS, LOMAS, CODIBLUES e LIVORNO teñen a maior achega da mazaroca á produción total, e de forma significativa respecto de DKC 5144 e P9911. ▶



RECOMENDADO
EN MAÍZ
FORRAJERO



Cultivando la innovación

D-CODER TOP

- ✓ Liberación de nutrientes según la demanda de la planta durante todo el ciclo
- ✓ Mayor eficacia de las unidades NPK asimiladas
- ✓ Disminución de pérdidas: fósforo no retrogradable en suelos ácidos
- ✓ Multiplicación de la actividad rizosférica
- ✓ Mayor producción y calidad del cultivo

CALCIMER

- ✓ Óptima corrección del pH
- ✓ Mejor estructura del suelo
- ✓ Activación de la vida microbiana
- ✓ Mayor disponibilidad y absorción de nutrientes



Timac AGRO



@timacagroespaña

www.timacagro.es

timacagro@timacagro.es

Táboa 2. Resultados dos ensaios de millo forraxe ciclo 400-500. Doneztebe 2019

Variedade	Obtentor	Ano ensaio	Produción (kg ms/ha)	Materia seca ¹ (%)	Proteína bruta ¹ (ms, %)	Amidón ¹ (% sms)	Fibra neutro deterxente ¹ (%)	Stay green ²	Achega mazaroca ¹ (%)
CODIWAY	Battle	1.º	26.176 a	34,8 ab	8,5 a	38,1 ab	42,7 a	3,0 bc	57,2 ab
MAGGI	Caussade	Testemuña	24.182 a	35,5 ab	8,2 a	41,5 b	42,5 a	3,7 cdef	58,1 b
ANAKIN	Euralis	1.º	24.235 a	33,4 a	8,0 a	38,7 ab	37,3 a	3,9 def	55,3 ab
ABANTO	Fitó	1.º	24.635 a	34,3 ab	8,3 a	34,8 ab	41,5 a	4,1 f	56,1 ab
NEUTRON	Fitó	1.º	23.658 a	38,5 b	7,6 a	38,2 ab	40,4 a	2,4 ab	60,0 b
KENOBIS	KWS	3.º	23.811 a	38,6 b	8,1 a	37,7 ab	42,3 a	2,2 a	59,3 b
ROMERO	KWS	2.º	26.952 a	34,6 ab	8,4 a	31,0 a	42,4 a	3,3 cdef	56,9 ab
MAS 54.H	Maïsadour	3.º	30.106 a	33,2 a	8,4 a	39,9 b	44,0 a	3,2 bcde	55,1 ab
P 0640	Pioneer	3.º	24.921a	34,7 ab	8,0 a	37,1 ab	39,2 a	4,0 ef	56,0 ab
ISH 508	Soil expert	2.º	22.966 a	30,8 a	8,3 a	38,2 ab	41,2 a	4,1 f	59,0 ab
ISH 618	Soil expert	1.º	23.086 a	31,2 a	8,1 a	37,9 ab	39,6 a	3,6 cdef	56,7 ab
ATOMIC	Syngenta	2.º	27.837 a	33,1 a	8,6 a	36,3 ab	39,5 a	3,1 bcd	53,2 a
HELIUM	Syngenta	3.º	24.483 a	33,4 a	8,6 a	39,3 ab	40,6 a	3,8 cdef	56,5 ab
SANDRO	Syngenta	1.º	25.740 a	35,3 ab	8,0 a	34,3 ab	41,3 a	3,2 bcde	57,7 ab
Media			25.199	34,4	8,2	37,4	41,0	3,4	56,9

¹Analítica: Laboratorio Agrario de Navarra (NASERTIC)

²Stay green: 5 = mellor // 1 = peor

Valores seguidos por distinta letra difiren significativamente (p<0,05) Duncan

Grupo de ciclos FAO 400-500

O ensaio sitúase na localidade de Doneztebe, na área atlántica de Navarra con augas vertentes ao Cantábrico. A precipitación acumulada durante o ciclo foi de 415,7 litros/m², cunha distribución uniforme ao longo do período vexetativo do cultivo, o que garantiu a xerminación, o desenvolvemento, a polinización e o enchido de gran, e non sufriu estrés hídrico en ningunha das fases do seu desenvolvemento.

Na táboa 2 recóllense as variedades de ciclos 400 - 500 ensaiadas en 2019, así como algúns dos resultados obtidos.

- A produción media é elevada (25.199 kg ms/ha). As variedades MAS 54H, ATOMIC e ROMERO resultan as máis produtivas, mentres que a menor produción a alcanza a variedade ISH 508, aínda que non existen diferenzas estatisticamente significativas.

- O contido medio en proteína bruta é elevado (8,2 %). As variedades ATOMIC, HELIUM e CODIWAY alcanzan os valores máis altos, aínda que sen diferenzas significativas co resto das variedades.
- O contido medio en amidón é elevado (37,4 %). As variedades MAGGI e MAS 54.H alcanzan uns valores significativamente superiores aos da variedade ROMERO.
- O contido medio en paredes celulares é baixo (41,0 %). As variedades MAS 54H e CODIWAY son as que alcanzan maior valor e ANAKIN e P0640 as que menor valor teñen, aínda que sen diferenzas significativas.
- O *stay green* ou “estado de verdor” medio en colleita é medio-alto (3,4). O mellor estado alcánzanlo as variedades ISH 508 e ABANTO, significativamente superiores ás variedades de menor valor, KENOBIS e NEUTRON.

- A achega media da mazaroca á produción total en materia seca é alta (56,9 %). As variedades NEUTRON, KENOBIS, ISH 508 e MAGGI alcanzan valores significativamente superiores ao da variedade ATOMIC.

Grupo de ciclos FAO 600-700

O ensaio sitúase na localidade de Cadreita, na área mediterránea de Navarra. O cultivo manéxase en regadío por aspersión. Na táboa 3 recóllense tanto as variedades de ciclos 600-700 testadas en 2019 como algúns dos resultados obtidos no ensaio.

Táboa 3. Resultados dos ensaios de millo forraxe ciclo 600-700. Cadreira 2019

Variedade	Obtentor	Ano ensaio	Produción (kg ms/ha)	Materia seca ¹ (%)	Proteína bruta ¹ (ms, %)	Amidón ¹ (% sms)	Fibra neutro deterXente ¹ (%)	Stay green ²	Achega mazaroca ¹ (%)
ELIANA	Battle	1.º	24.576 a	32,5 d	9,0 cd	30,3 bcd	42,1 a	3,7 ab	53,9 cde
HATAY	Fitó	2.º	25.654 a	27,0 a	8,1 abc	29,1 bc	49,6 def	3,3 ab	45,0 ab
PORTBOU	Fitó	1.º	26.314 a	33,0 d	8,4 abcd	33,1 bcd	43,6 ab	2,7 a	51,4 cd
UBEDA	Fitó	2.º	24.338 a	34,1 d	7,5 a	30,2 bcd	52,1 ef	2,7 a	59,0 f
KEFRANCOS	KWS	2.º	23.099 a	29,1 ab	8,6 bcd	27,2 ab	46,9 bcd	4,0 ab	55,9 def
KONTIGOS	KWS	3.º	23.018 a	27,3 ab	9,2 d	32,8 bcd	47,7 bcde	3,3 ab	53,6 cde
LG 30.709	Limagrain	Testemuña	26.478 a	29,7 bc	8,2 abc	23,5 a	52,7 f	3,0 a	44,6 a
P1570	Pioneer	3.º	25.792 a	32,6 d	8,4 abcd	32,3 bcd	48,1 cde	3,3 ab	57,0 ef
ANTEX	Syngenta	3.º	22.593 a	29,9 bc	7,8 ab	30,6 bcd	53,2 f	3,0 a	52,0 cde
FUERZA	Syngenta	1.º	27.995 a	32,2 cd	8,2 abc	36,0 d	42,2 a	3,7 ab	53,4 cde
GLADIUS	Syngenta	1.º	24.037 a	28,3 ab	8,7 bcd	33,9 cd	44,9 abc	4,7 b	49,7 bc
Media			24.900	30,5	8,4	30,8	47,6	3,4	52,3

¹Analítica: Laboratorio Agrario de Navarra (NASERTIC)

²Stay green: 5 = mellor // 1 = peor

Valores seguidos por distinta letra difiren significativamente (p<0,05) Duncan



Campeones en ensilado



SY Gibra
Ciclo 400

Nº1
EN ÍNDICE PRODUCTIVO DE ENSILADO*



SY Bilbao
Ciclo 400 largo

Artesian®

EL RELEVO DE FUTURO PARA GIBRA.



SY Carioca
Ciclo 400

Artesian®



SY Triade
Ciclo 400



SY Gladius
Ciclo 700

Powercell







* Híbrido con mayor índice productivo en los ensayos de Mabegondo.
© 2020 Syngenta. Todos los derechos reservados.™ y ® son marcas comerciales del Grupo Syngenta.

- A produción media final é elevada (24.900 kg ms/ha). As variedades FUERZA, LG 30.709, PORTBOU e P1570 alcanzan os valores máis elevados, aínda que sen diferenzas significativas respecto ao resto das variedades.
- O contido en proteína bruta é elevado (8,4 %). As variedades KONTIGOS e ELIANA superan o 9 % de proteína bruta, significativamente superiores ás variedades UBEDA e ANTEX.
- O contido en amidón é medio (30,8 %). As variedades FUERZA e GLADIUS alcanzan valores significativamente superiores aos das variedades LG 30.709 e KEFRANCOS, que non alcanzan o 30 % para este parámetro.
- O contido medio en paredes celulares é medio-alto (47,6 %). As variedades ELIANA, FUERZA, PORTBOU e GLADIUS alcanzan os valores máis baixos, significativamente inferiores aos das variedades ANTEX, LG 30.709, UBEDA e HATAY.
- O *stay green* medio das plantas en colleita é medio-alto (3,4). A variedade GLADIUS presenta en colleita un estado verde significativamente superior ao que presentan as variedades UBEDA, PORTBOU, LG 30.709 e ANTEX.
- A achega media da mazaroca á produción final é media (52,3 %). As variedades UBEDA, P1570 e KEFRANCOS presentan a achega da mazaroca á produción final máis elevada, con valores significativamente superiores aos das variedades LG 30.709, HATAY e GLADIUS.

RESULTADOS PLURIANUAIS DA EXPERIMENTACIÓN EN NAVARRA

Dentro da Rede de avaliación de variedades de millo para forraxe, o obxectivo é manter as variedades en testaxe durante tres anos. Con iso preténdese diluír o impacto que poden ter circunstancias imprevistas sobre os resultados obtidos nun ano concreto e consolidar as tendencias marcadas polos devanditos resultados.

Non todas as variedades que inician o proceso cumpren este obxectivo, polo que é decisión das empresas obtentoras o manter a testaxe de

cada variedade durante os tres anos de testaxe ou retiralas antes dese prazo.

Considerando a forte presión de renovación do material xenético que as empresas obtentoras exercen sobre as variedades de millo e con obxecto de reducir a información recompilada, nas seguintes táboas represéntanse unicamente os resultados das variedades testadas durante tres campañas nos últimos 7 anos.

Nas táboas 4, 5 e 6 ordénanse as variedades testadas atendendo de forma conxunta aos criterios de produción (kg de materia seca/hectárea) e aos parámetros de calidade como son o amidón, a proteína bruta (PB) e a fibra neutro deterxente (FND). A valoración dos resultados obtidos por cada variedade faise considerando os resultados da variedade testemuña (T).

► AS EMPRESAS PRODUTORAS DE SEMENTES DE MILLO TRABALLAN CONTINUAMENTE NA SÚA MELLORA XENÉTICA E GRAZAS A ELA OBTÉÑENSE HÍBRIDOS DE ALTO RENDEMENTO EN GRAN

Táboa 4. Rede de millo forraxeiro. Ensaio en Navarra: variedades ensaiadas 3 anos (2013-2019), grupo de ciclos 200-300

Variedade	Produción (kg ms/ha)	Amidón	PB (% sms)	FND (% sms)
DADIDOR	17010 a	29.7 ab	7.44 a	45.9 a
LG 30.369 (T)	17678 a	30.9 ab	7.44 a	42.3 a
CASCADINIO	18039 a	25.2 a	7.30 a	47.9 a
ASSIST	18619 a	31.2 ab	7.61 a	42.6 a
P9838	18826 a	33.6 b	7.80 a	45.1 a
CODIGREEN	19011 a	28.6 ab	8.11 a	43.3 a
LG 31.295	19205 a	27.3 ab	7.71 a	42.4 a
LIVORNO	19250 a	32.7 ab	8.33 a	40.4 a
KOMPETENS	19254 a	32.3 ab	7.46 a	42.1 a
CHAMBERÍ	19270 a	30.0 ab	7.99 a	42.9 a
SAVIO	19890 a	28.6 ab	6.90 a	46.2 a
SIMPÁTICO	20262 a	31.4 ab	7.25 a	44.5 a
P 9400	20501 a	31.7 ab	7.57 a	41.4 a
METRONOM	21026 a	29.6 ab	7.44 a	44.5 a
ROBERI	21083 a	29.9 ab	7.12 a	42.7 a
P 9911	21646 a	26.6 ab	7.59 a	41.0 a

Valores seguidos por distinta letra difiren significativamente ($p < 0,05$) Duncan

Analítica: Laboratorio de Navarra de Servizos e Tecnoloxías (NASERTIC)

► NAVARRA CARACTERÍZASE POR UNHA GRAN DIVERSIDADE BIOXEOGRÁFICA, CON SITUACIÓNS QUE PERMITEN CULTIVAR CALQUERA DOS CICLOS VEXETATIVOS DE MILLO

Táboa 5. Rede de millo forraxeiro. Ensaio en Navarra: variedades ensaiadas 3 anos (2014-2019), grupo de ciclos 400-500

Variedade	Produción (kg ms/ha)	Amidón (% sms)	PB (% sms)	FND (% sms)
SALARDU	15551 a	29.3 abc	6.40 ab	49.3 b
KERBANIS	17801 ab	26.5 a	6.33 ab	48.8 b
MEGASIL	17847 ab	30.9 abc	7.13 ab	49.8 b
RITUEL	18563 ab	26.5 a	6.27 ab	46.7 ab
P 0725	18831 ab	26.2 a	6.13 a	47.1 ab
P 0222	19053 ab	26.2 a	5.93 a	47.4 b
ATLAS	19403 abc	31.3 abc	7.43 ab	43.1 ab
P 0837	19781 abc	26.7 ab	6.00 a	48.2 b
KONFITES	20993 abcd	33.5 abc	6.77 ab	44.4 ab
MAGGI (T)	21092 abcd	30.9 abc	7.04 ab	45.7 ab
LG 30.444	21703 abcd	34.5 abc	6.37 ab	43.6 ab
KENOBIS	22123 bcd	32.9 abc	8.06 ab	43.8 ab
ZOOM	22754 bcd	28.1 abc	6.73 ab	49.2 b
HELIUM	23889 bcd	36.1 bc	8.53 b	38.5 a
MAS 54 H	25529 cd	37.5 c	8.00 ab	42.8 ab
P 0640	26960 d	36.2 c	7.82 ab	42.8 ab

Valores seguidos por distinta letra difiren significativamente ($p < 0,05$) Duncan
 Analítica: Laboratorio de Navarra de Servizos e Tecnoloxías (NASERTIC)

Táboa 6. Rede de millo forraxeiro. Ensaio en Navarra: variedades ensaiadas 3 anos (2015-2019), grupo de ciclos 600-700

Variedade	Produción (kg ms/ha)	Amidón (% sms)	PB	FND (% sms)
(% sms)	FND (% sms)	28.3 a	7.82 a	48.3 a
FONDARI	24102 a	30.6 a	6.62 a	45.5 a
LG 30.709 (T)	25624 a	30.1 a	7.23 a	46.1 a
ELIOSO	26178 a	33.8 a	7.04 a	43.0 a
ANTEX	26451 a	33.4 a	7.29 a	44.8 a
KONTIGOS	26504 a	34.9 a	8.03 a	42.1 a
RESERVE	29528 a	36.5 a	6.89 a	42.0 a

Valores seguidos por distinta letra difiren significativamente ($p < 0,05$) Duncan
 Analítica: Laboratorio de Navarra de Servizos e Tecnoloxías (NASERTIC)

MÁIS INFORMACIÓN

Os resultados completos destes ensaios pódense consultar na páxina web de INTIA: <https://www.intiasa.es/es/explotaciones-ganaderas/areas-de-interes/experimentacion/40-explotaciones-ganaderas/671-resultados-de-los-ensayos-de-maiz-forrajero.html>